

PAU 2024
CONVOCATORIA ORDINARIA
CRITERIOS DE AVALIACIÓN
HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA
(Cód. 82)

Os criterios de avaliación atéñense ao establecido para esta materia e curso no currículo oficial vixente (Decreto 157/2022 de 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia).

Estes criterios aplícanse de acordo cos contidos e competencias referidas ás preguntas concretas da proba.

A cohesión, a corrección gramatical, léxica e ortográfica dos textos producidos, así como a súa presentación, poderán ser consideradas de forma global, ata un máximo de **1 punto**.

A distribución da puntuación para cada pregunta e/ou apartado é a que figura no MODELO DE EXAMEN publicado na páxina oficial da CIUG.

Con carácter máis concreto, atenderase ás indicacións que seguen, para cada pregunta.

Pregunta 1 (3 puntos)

- Determinación e definición do xénero escollido: 0,5 puntos.
- Identificación de descrición de dúas ideas presentes no texto e/ou na imaxe: 1 punto
- Localización histórica e xeográfica (tradición local na que se incardina) do xénero tratado: 0,5 puntos.
- Relación do xénero co seu contexto histórico: outros xéneros, expresión artísticas e culturais, función social, etc.: 0,5 puntos.
- Redacción e presentación da resposta: ordenamento expositivo, xerarquización de contidos, emprego de terminoloxía específica: 0,5 puntos.

Pregunta 2 (2 puntos)

- Adecuación da obra escollida e xustificación da mesma en función do xénero e/ou estilo: 0,5 puntos.
- Descrición de aspectos formais da obra escollida: 0,5 puntos
- Cronoloxía, contexto histórico e aspectos sociais do xénero da obra escollida: 0,5 puntos.
- Vocabulario técnico ou específico, e corrección expositiva 0,5 puntos.

Pregunta 3 (3 puntos)

- Adecuación das obras escollidas e xustificación en relación co tema, en función do xénero e/ou estilo: 1 punto por cada unha das dúas obras que se propoñan.
- Contextualización histórica das obras en relación co tema: cronoloxía, contexto social, etc.: 1 punto.

Pregunta 4 (2 puntos)

Pola resposta correcta a cada un dos dous subapartados da pregunta: 1 punto.

NOTA XERAL: A puntuación indicada para cada ítem, enténdese como máxima para o caso de respostas completamente correctas. Poderáse outorgar unha puntuación a un ítem por riba de 0 e ata o máximo indicado en cada ítem, no caso de resposta parcialmente correcta.